

Protocolo de actuación e de seguridade fronte á covid-19 no comedor do CEIP Fontes Baíña

A asociación de pais e nais do CEIP Fontes Baíña (ANPA en diante) elabora este documento de acordo coa a información e as recomendacións da autoridade sanitaria para o comedor escolar do citado centro.

Recolle as medidas de prevención e de hixiene fronte ao SARS CoV-2 que se deberán aplicar para garantir a saúde das persoas traballadoras e das que acoden ao comedor. Será de aplicación para o persoal da empresa adxudicataria, Grupo Gallego Catering Arelas, S.L. así como para o alumnado e o profesorado usuario do centro.

Este protocolo actualizarase en función das novas indicacións da autoridade sanitaria.

O servizo de comedor escolar empregárase para facilitar a conciliación da vida familiar e laboral e desenvolverase na aula cedida polo centro a estes efectos e situada no edificio anexo.

A ANPA, como xestora do comedor, garantiralle o servizo a todos os usuarios/as que o soliciten a través da instalación de anteparos de metacrilato de cando menos de 60 centímetros de altura colocados directamente sobre o mesado. De ser necesario, a ANPA poderá utilizar espazos lindeiros previa aprobación da dirección.

Medidas xerais de prevención da transmisión

Ata que non exista un tratamento eficaz, a mellor maneira de previr os contaxios é evitar o contacto entre as persoas e cumprir coas medidas de hixiene e de limpeza así como apelar sempre á responsabilidade individual e colectiva para evitar a transmisión.

O persoal da empresa adxudicataria, as persoas usuarias do comedor e as súas familias, estarán informados das recomendacións hixiénicas para reducir o risco de contaxio:

- Lavar as mans frecuentemente con auga e xabón durante uns 40 segundos.
- Utilizar preparacións alcohólicas para desinfectar as mans.
- Evitar tocar o nariz, a boca e os ollos, nin con luvas nin sen elas, posto que as mans facilitan a transmisión.
- No caso de tusir e/ou esbirrar, taparse cun pano de papel e tiralo tras o seu uso. No caso de non ter un pano de papel, utilizar a parte interna do cóbado para non contaminar as mans.
- Evitar o contacto físico entre as persoas.

No comedor

- Está habilitado un sistema para que o alumnado poida deixar de maneira ordenada as súas mochilas e as súas prendas de abrigo cando entre no edificio do comedor, de forma que non estean en contacto unhas con outras. Este procedemento deberase realizar con orde e mantendo as distancias de seguridade en todo momento.
- Unha vez no edificio do comedor, o alumnado pasará a ser controlado polas monitoras.
- A entrada ao comedor do alumnado farase de xeito gradual para evitar as aglomeracións.
- O alumnado de infantil, cuxas aulas se atopan tamén no anexo, será o primeiro en acceder ao comedor.
- Desinfectaranse as mans ao entrar e ao saír do comedor.
- Antes e durante o xantar procurarase que o comedor teña a maior ventilación posible (de tipo natural).
- As mesas e as cadeiras estarán marcadas coa indicación de onde se deberá sentar cada neno ou nena. As persoas usuarias sentarán por grupos de convivencia e manterán o mesmo posto durante todo o curso académico.
- Todo o persoal deberá levar luvas, máscara e gorro no horario do xantar.
- Todo o alumnado e o profesorado levarán máscara ata o momento de comer. Unha vez sentados, quitaranse a máscara segundo as recomendacións oficiais.
- Durante o xantar, o alumnado gardará a súa máscara nun estoxo ou bolsa específico con cordel que permanecerá no comedor. Cada venres o alumnado levará o estoxo ou bolsa para limpalo. Lémbrese que cada alumno/a deberá levar unha segunda máscara de recambio. En ningún caso as máscaras usadas se apoiarán sobre as mesas do comedor. A obriga contida no apartado anterior non será esixible para as persoas que presenten algún tipo de enfermidade ou dificultade respiratoria que se poida ver agravada polo uso da máscara ou que, pola súa situación de discapacidade ou dependencia, non dispoñan de autonomía para quitarse a máscara, ou ben presenten alteracións de conduta que fagan inviable a súa utilización. A imposibilidade do uso da máscara deberá ser acreditada polo pediatra ou facultativo do alumno/a ou da persoa obrigada.
- O persoal traballador que realice o servizo nas mesas deberá procurar garantir a distancia de seguridade co alumnado en todo momento.

- Procurarase que as mesmas persoas sexan as que atendan sempre o mesmo grupo de alumnado.
- Elimínanse os produtos de autoservizo das mesas (xerras de auga, vinagreiras, aceiteiras etc.) e serán servidos polo persoal do comedor.
- Aos nenos e nenas serviráselles a comida na súa bandexa ou no seus pratos cos utensilios xa colocados para así evitar os contaxios por contacto.
- Cando queiran repetir ou erguerse, terán que levantar a man. As monitoras serán as que autoricen as accións ou os movementos e darán as instrucións para levalos a cabo.
- O alumnado permanecerá sentado no seu sitio no comedor, ata que todos e todas finalicen de xantar.
- Elimínase o lavado de dentes no comedor para evitar os contaxios.
- Ata que o/a recolla un dos seus proxenitores ou unha persoa autorizada ou se dirixa á biblioteca do centro, organizarase un sistema para que, a espera se realice de xeito ordenado, por grupos de convivencia e mantendo a distancia de seguridade baixo a supervisión das coidadoras.
- O horario de recollida do alumnado será entre as 15.00 e as 16.00 h.
- Os proxenitores ou as persoas autorizadas non poderán acceder ao recinto do colexio de acordo coas normas expostas polo centro. Ao chegaren, deberán chamar ao timbre do portal grande e agardar que baixe o neno ou nena.
- Ao finalizar o servizo do comedor realízase unha limpeza profunda para que o espazo quede preparado para o día seguinte.

Sala de illamento

- No edificio no que se atopa o comedor, dispórase dun espazo no que se atenderá o alumnado ou o profesorado que presente unha sintomatoloxía compatible coa covid-19.
- Na dita sala cumpríranse as medidas de seguridade e usárase a máscara obrigatoriamente.
- Unha vez que os proxenitores ou as persoas autorizadas recollan a persoa illada, desinfetarase a sala ao completo.
- Informarase á dirección do centro da identidade do alumno/a illado para que se poida facer un seguimento.

- De tratarse dun caso positivo de coronavirus avisarase á autoridade sanitaria que indicará como actuar co resto das persoas.